

SoildiverAgro project

Adopción de novas técnicas de xestión para aumentar a produción e a calidade dos cultivos



O QUE E O PORQUÉ

Os aforros que achegan prácticas agrícolas sostibles: sistemas de apoio á toma de decisións

Para superar a situación de cambio climático e degradación do medio, a unión europea aprobou o Pacto Verde Europeo e a estratexia «Da Granxa á Mesa», un conxunto de iniciativas políticas cuxo obxectivo é situar á UE no camiño cara a unha transición ecolóxica e alcanzar a neutralidade climática de aquí a 2050. Un dos obxetivos busca reducir á metade o uso de praguicidas para 2030.

Por iso, a implantación de estratexias máis respectuosas co medio e os seus proles e contras deben ser coñecidas e probadas polos agricultores.

Unha das medidas mais importantes para cumprir co obxectivo exposto é apostar por modelos climáticos para a predición de enfermidades nos cultivos agrícolas, os denominados sistemas de soporte para a toma de decisións. Nun estudo realizado na Limia (área Lusitanica) durante os ciclos de cultivo de 2021 e

2022, foi posible reducir nun 50% e 43% respectivamente as aplicacións de funguicidas no cultivo da pataca contra *Phytophthora infestans*, cando se realizaron tratamentos seguindo os avisos dun modelo de predicción fronte ao sistema convencional. Ademais, reducíronse os pasos de tractor nun 50%, o que evita a compactación do solo e a perda de biodiversidade. Esta medida ademais contribúe ao aforro de auga e á redución de emisión de gases de efecto invernadoiro nun 50%. Economicamente, permitiu aforrar entre un 46 e 49% o gasto medio que un agricultor adicaría a compra de funguicidas en comparación co sistema produtivo convencional. En canto aos inconvenientes, é necesario investir en estacións meteorolóxicas situadas nas parcelas e contar con sistemas de alerta. Á vista dos resultados, esta inversión pode favorecer economicamente ao agricultor ao mesmo tempo que se aposta por unha xestión respectuosa co medio do emprego de pesticidas nas explotacións.



1. Estación meteorolóxica instalada no cultivo.



2. Sintomatoloxía de *P. infestans* nun talo de pataca.

PALABRAS CHAVE

Solanum tuberosum, *Phytophthora infestans*, estratexia “Da Granxa á Mesa”, modelo climático, manexo respectuoso co medio, resiliencia

AUTORES

Laura Meno Fariñas, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.

Olga Escuredo Pérez, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.

Carmen Seijo Coello, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.



This project has received funding from the European Union's Horizon 2020 research and innovation programme under grant agreement No 817819

This factsheet is produced as part of the SoildiverAgro project. Although the author has worked on the best information available, neither the author nor the EU shall in any event be liable for any loss, damage or injury incurred directly or indirectly in relation to the project.